

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E CRUZ VERMELLA LUGO, SOBRE A INCORPORACIÓN E COMUNICACIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL ENTRE CRUZ VERMELLA LUGO E A CONSELLERÍA DE SANIDADE PERTENCENTE AO SISTEMA DE XESTIÓN DE CENTROS (XECEAS) XERADOS AO AMPARO DO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE ASISTENCIA SANITARIA ÁS ADICCIÓNS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou o 27 de maio de 2020 coa asociación Cruz Vermella Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular as condicións nas que se levará a cabo entre as partes a incorporación e comunicación de datos de carácter persoal entre CRUZ VERMELLA LUGO e a Consellería de Sanidade pertencente ao sistema de xestión de centros (xeceas) xerados ao amparo do desenvolvemento do programa de asistencia sanitaria ás adiccións. Na súa virtude, CRUZ VERMELLA LUGO obrígase á ceder ao Servizo Galego de Saúde os datos de índole sociosanitario recadados no exercicio das funcións inherentes a asistencia en materia de adiccións correspondentes ás persoas que manteñen tratamento na unidade de día e unidade asistencial de drogodependencias da que é titular CRUZ VERMELLA LUGO. Dita actividade se realiza segundo o disposto no “Circuíto de Asistencia sanitaria aos trastornos adictivos en Galicia”, de xeito acorde co “Catálogo de programas asistenciais de drogodependencias” e ao abeiro do convenio de colaboración establecido entre o Servizo Galego de Saúde e CRUZ VERMELLA LUGO para o desenvolvemento de programas de asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos. Estes datos serán incorporados á Historia Clínica Única do Servizo galego de Saúde e ao aplicativo de xestión asistencial Xeceas Web do Servizo galego de Saúde coa finalidade de mellorar os servizos de prestación de asistencia sociosanitaria pública ás persoas que presentan trastornos adictivos,

favorecendo a coordinación das actuacións realizadas polos profesionais destas unidades e do servizo público de saúde a fin de realizar unha intervención integral. Quedará constancia no Xeceas Web daqueles pacientes cuxos datos teñan sido cedidos a fin de que as persoas interesadas poidan exercer os seus dereitos en materia de protección de datos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

CRUZ VERMELLA LUGO dispón dunha unidade asistencial e dunha unidade de día de drogodependencias autorizadas como centros sanitario-asistenciais en base a Orde do 7 de xullo de 1988 sobre autorización de unidades, centros, servizos e establecementos sanitarios-asistenciais de tratamento de drogodependencias. Ambas unidades sanitario asistenciais desenvolven programas de asistencia a persoas con trastornos adictivos respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade, equidade e gratuidade.

Pola súa banda, dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Atención Primaria é a unidade administrativa a que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a Saúde Mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma e coordinar os dispositivos adicados á saúde mental.

Así as cousas, a través do presente acordo trátanse de articular as condicións que permitan levar a cabo a cesión por parte de CRUZ VERMELLA LUGO daqueles datos pertencentes a aquelas persoas que manteñan tratamento na unidade de día e unidade asistencial de drogodependencias durante a vixencia do presente acordo, e daqueles outros que tiveran realizado algún programa de asistencia sanitaria nos derradeiros cinco anos.

Dado que a cesión de datos á que se refire o citado acordo comporta a identificación de concretas persoas físicas, convértese nunha comunicación de datos de carácter persoal, á cal resulta amparada polo artigo 9.2 do Regulamento (UE) 2016/679, en consonancia co disposto na Disposición adicional decimo sétima da Lei Orgánica, 3/2018, do 5 de decembro. As comunicacións efectuadas realizaranse, en todo caso, con pleno respecto á normativa vixente en materia de



protección de datos, así como á Lei 41/2002, de 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e deberes en materia de información e documentación clínica, á Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, á Lei 3/2001, de 28 de marzo, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes e ao Decreto 29/2009, de 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

